



BANDO

SERVIZO ESENCIAL DO RATIÑO PÉREZ

Sirva o presente bando da alcaldía para, xunto con toda a CORPORACIÓN MUNICIPAL, FELICITAR A TODOS/AS OS/AS NENOS E NENAS DE VEDRA POLO SEU COMPORTAMENTO EXEMPLAR cumprindo as recomendacións de quedar na casa, facer os deberes e portarse moi ben, para entre todos/as, vencer así ao coronavirus.

Pedímoslles a todos/as eles que lles insistan aos seus familiares para que continúen confinados nas súas vivendas para que en Vedra ninguén se poña maliño/a.

Para que esta situación non sexa aínda máis dura e en función das competencias que teño atribuídas, DECLARO o servizo que presta o RATIÑO PÉREZ como SERVIZO ESENCIAL NO CONCELLO DE VEDRA e polo tanto AUTORIZO a súa visita ás casas do concello para recoller os dentes que caian nestes días a cambio dun agasallo.

Lembrámoslle ao Señor Pérez que como todos os servizos autorizados deberá extremar as medidas de prevención de contaxio usando mascariña, luvas e lavando as mans moi ben e con moita frecuencia.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vedra, 3 de abril de 2020

O ALCALDE,

Carlos Martínez Carrillo

